

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
246/2023	A Xunta de Goberno Local	04/01/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 246/2023. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DE EDIFICIO EXISTENTE DE 2 VIVENDAS UNIFAMILIARES E LOCAL PARA ASUNTOS SOCIAIS MUNICIPAIS"

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

Logo de ver o seguinte expediente de contratación:

OBRA: "Reforma e mellora enerxética de edificio existente de 2 vivendas unifamiliares e local para asuntos sociais municipais"

IMPORTE DO ORZAMENTO: trecentos cinco mil trescentos dezaseis euros con dezanove céntimos (305.316,19 €), IVE incluído.

FINANCIAMENTO DO ORZAMENTO Esta obra finánciase con:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo coa resolución de 1 de agosto de 2023, do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- Deputación Provincial de Ourense.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado, ao abeiro do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE: o expediente terá a consideración de ordinario, para os efectos previstos no artigo 116 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación referenciado, o proxecto técnico, así como o gasto derivado da realización da obra que se vai contratar e o pregodecláusulas administrativas que regulará a contratación.

SEGUNDO. Abrir o procedemento de licitación e, en consecuencia, publicar na plataforma de contratación do sector público do Ministerio de Hacienda y Función Pública, para que todas aquelas empresas que se consideren capacitadas poidan presentar as súas ofertas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE